

Héitor Picallo Fontes

Gartografía ideolóxica de Xosé Lois García

Análises, epistolario
e entrevistas

EDICIÓNS

laiovento
LAIOVENTO

ENSAIO

Héitor Picallo Fontes



Héitor Picallo Fuentes (Vila do Baño- Cuntis, 1974) é enxeñeiro técnico naval pola UDC. Alén de ilustrar libros, combina o seu oficio coa investigación, sendo obras súas: *Xohán Xesús González: un precursor do soberanismo galego* (2008); *Coa lingua na terra* (2013), *Cuntis na época romana* (2016); *No mediovo, castañas e castiñeiros como recursos económicos* (2018); *As letras galegas en caricatura* (2020); *O escudo do Reino da Galiza: unha (re)visión (inter)nacional* e *A onomástica nacida da terra* (2021). A elas súmanselle varios títulos infantís e outros de coautoría. Traballos seus ven a luz en *Adra*, *Compostellanum*, *Conimbriga*, *Murguía*, *El Museo de Pontevedra*, *Raigame*, *Tapa*, *A Trabe de Ouro*. Conta cos premios de xornalismo Máximo Sar (2005) e Reimóndez Portela (2012). É padroeiro do Museo do Pobo Galego e da Fundación Antonio Fraguas.

GraZas!

Poder elaborar unha obra que, na medida das nosas posibilidades, abarque a inxente produción cultural dun autor tan prolífico como é Xosé Lois García implica, abofé, contar cun nutrido conxunto de apoios e axudas que merece ser debullado nestas liñas iniciais. Sen dúbida, as primeiras gratitudes teñen que ir dirixidas á propia persoa “cartografada” ao longo destes capítulos, pois o autor facilitounos todo o material preciso para elaborar esta obra que nin é biografía *stricto sensu* nin estudo pormenorizado, senón máis ben un afondar no ser e no pensamento dunha persoa que consideramos fundamental na escrita galega de hoxe en día –nuclear e, asemade, periférica– e, outrosí, do activismo político dentro do nacionalismo de esquerdas.

Ben haxa tamén a Xosé Manuel Beiras Torrado, non só por prologar esta obra que quixese ser ensaio, senón tamén por nos orientar ao longo dos anos en diversos aspectos políticos e socioculturais que hoxe ben nos serviron para entender e estender esta cartografía planimétrica, delineada con moita pausa e compás alén de contar con pouco canonicismo.

Non debemos esquecer aquelas persoas que entrevistamos hai máis dunha década coa intención de deitar luz sobre a figura poliédrica e polifónica do Xosé Lois. Beizóns, xa que logo, á sociolingüista Pilar García Negro (directora-xerente da Fundación Bautista Álvarez de Estudos Nacionalistas), ao cantor Baldomero Iglesias Dobarrio (referencia ineludíbel da música de raíz galega), Margarita Ledo Andión (numeraria da RAG), Uxío Novo Rei (presidente da Asociación Ibérica de Museos e Fundacións de Escritores), David Otero (Presidente da Fundación Alexandre Bóveda), Xosé Ramón Pousa Estévez (outrora Decano da Facultade de Ciencias da Información da USC) e Paula Vázquez Verao (exdeputada de En Marea). Benia a todas elas!

Tamén precisamos entregar a nosa beizón aos compoñentes da IDGA que coñecemos na Casa Grande de Cornide (Calo, Teo), o 3 de xullo de 2012, co gallo da conmemoración do 40 Aniversario desa organización política clandestina nada no solpor do tardofranquismo. Velaquí quedan os nomes dalgúns militantes: Pepe Barro, Alberte Campos, Chus Castro, Xesús García Mosquera, Xosé González Rego, o xa citado Xosé Ramón Pousa, Xerardo Rodríguez Arias e Suso Vázquez. Nestes recoñecementos non poden faltar os académicos Francisco Fernández Rei e Xosé María Lema Suárez, así como o historiador Amancio Liñares Guiraut. Eles foron quen de nos clarificar algunhas dúbidas e localizar determinadas obras bibliográficas, así como Xoán Bacariza Castro –sindicalista expulsado da Citroën de Vigo canda a folga de 1972– de nos describir, en primeira persoa, as reivindicacións sociais e laborais da cidade olívica no solpor da ditadura. A el debémoslle a gratitude pero tamén a amizade e a memoria.

Amais disto, para coñecer en bo grao a liña ideolóxica dunha manchea de grupos políticos europeos –nomeadamente de Flandres, Valonia, Escocia, Inglaterra, Córsega e outros países– serviron de guieiro as explicacións que, en varios momentos, nos trasladou Günther Dauwen (exdirector xerente de EFA-ALE). Grazas a el, pero grazas así mesmo á Eurodeputada polo BNG Ana Miranda Paz, conterránea nosa e amiga dende cativos, pois ela foi a responsábel de que hai cinco lustros nos entregase unha tarxeta persoal de Xosé Lois García para que fôsemos quen de chamalo... Así gustamos e nese intre comezou esta historia...

Beizóns!

A xeito de presentación

Había ben pouco que recibira eu a encomenda de Héitor Picallo de lle escribir unhas verbas a xeito de presentación para un comprido ensaio seu encol de Xosé Lois García, cando unha persoa amiga de noso fíxonos, a Aurichu e min, o galano dun libro moi lindamente editado. O libro contiña –contén– unha serie de espléndidas fotografías, cada unha delas acompañada –glosada, diría eu– con cadanseu punxente poema. As fotos retrataban, todas e cada unha, paisaxes desoladas: terras ermas, esqueletes de árbores secas, aldeas e casais deshabitados, edificacións rurais esborralladas, restos de muradellas como soás de grandes mamíferos extintos nun deserto. Os poemas expresaban as vivencias dooridas do autor dunhas e outros perante tanta desolación.

Cabería pensar, de primeiras, que os poemas ilustrados coas fotos, ou as fotos glosadas cos poemas, eran obra dun viaxeiro sensíbel por lonxanas terras africáns castigadas polo éxodo debido á fame após unha seca pertinaz. Mais non. Os materiais e o feitío das aldeas, os casais e as muradellas non deixaban lugar a dúbidas: eran restos cadavéricos de arquitectura popular galega. Eran retrincos da Galiza rural desertizada. Eran imaxes pantasmagóricas das ribeiras do Miño, no treito asolagado hai xa meio século polo encoro de Belesar, que emergullaran recentemente como *La cathédrale engloutie* de Debussy cando, por mor de obras na represa, a compañía hidroelétrica espoliadora dos eidos labregos fixera descender o nivel das augas do encoro até deixar á vista, impudicamente espidas, o que outrora foran veigas, curtiñas e sucacos cubertos coa roupaxe vexetal, e casas e palleiras e pendellos e canastros animados pola vida e o traballo dos seus habitantes labregos, condenados logo ao éxodo e o exilio pola cobiza colonial.

Veume ás mentes, por analoxía, a lembranza do estremecedor poemario de Fernán-Vello *Territorio da desaparición*.

Mais foi só por analoxía. Porque o autor das fotos e os poemas dese libro, ou millor direi, das imaxes visuais e poéticas que contiña –que contén– resultaba ser precisamente un dos moitos galegos condenados ao exilio pola teimuda política colonial de exterminio do campesiñado, que tivo na depredación das súas terras e facendas polas empresas eléctricas un dos seus capítulos máis feroces, e na loita labrega de Castrelo de Miño un dos episodios máis heroicos. O autor resultaba ser un chantadino da parroquia de San Tomé de Merlán, de familia labrega, fillo de Manuela de Podente, que a mediados dos sesenta, con vinte anos de idade, tivera que emigrar a Catalunya a traballar na Seat, e implicaríase na loita sindical ao tempo que estudaba na Universidade até licenciarse en Xeografía e Historia e integrarse no Institut d’Estudis Catalans. Direivolo xa: o autor resultaba ser mesmamente o Xosé Lois García encol de quen trataba o orixinal do comprido ensaio que Héitor Picallo viña de me remesar –o volume agora xa impreso que tes, lector, nas mans.

Coido que acerta de cheo Héitor Picallo ao titular *Cartografía ideolóxica* o seu retrato –se cadra cubista, ousaría dicir eu– do feitío humán e a odiseia existencial de Xosé Lois García. Porque tanto a persoalidade canto a obra e a traxectoria vital do Xosé Lois, versáteis e pluridimensionais, exprésanse e desenvólvense a traveso de moi diversas e variadas ‘xeografías’, mais sempre definidas e orientadas por un esquema axiolóxico de valores éticos, culturais e ideolóxicos que as dotan dun sentido inequívoco de lealdade ás orixes e que artellan o seu polimorfo universo persoal nun conxunto insolitamente congruente. O Xosé Lois, penso eu, é un produto e unha mostra exemplar da práctica do ‘optimismo da vontade’ en contextos constante ou circunstancialmente adversos. É primordialmente un autodidacta, mais soubo sorber cultura por tódolos seus poros e até cursar estudos universitarios regrados restándolle tempo ao lecer e o descanso cotiáns

despois dunha dura xornada laboral. É fundamentalmente, por orixe e cultura, un labrego que nunca se desclasou, mais soubo mergullarse activamente na condición e a cultura da clase obreira sen desbotar o pouso nutricional da súa condición e cultura orixinarias nen deixarse apreixar polos resortes da alienación. É un galego de nación que mantivo viva no seu éxodo a conciencia activa desa súa identidade, mais soubo enxertala solidariamente na do povo catalán que o acollera. É un ousado que nunca dubidou en aventurarse polos máis diversos territorios do coñecemento e a cultura, dos múltiples xéneros da creación literaria, da esculca intelectual e o pensamento político, até da historia dos povos do universo galego-portugués, mais sempre coa humildade de quen actúa empurrado polo dezo de aprender e comprender, e non pola vaidade do saber. É un home do Renacemento –tamén do Rexurdimento e tamén da Renaiñença– mais lucidamente instalado nas coordenadas sociohistóricas do seu tempo e conscientemente comprometido nas correntes dinámicas do noso presente histórico. Évos ese, ao meu ver, o Xosé Lois García que protagoniza a viaxata odiseica relatada neste libro, da man, nesta versión apócrifa, do Telémaco encarnado no mozo apaixonado que é Héitor Picallo, insaciabelmente curioso e tenaz na esculca rigurosa do cartafol da ‘cartografía ideolóxica’ do Xosé Lois. Disfroidade do relato –e que vos sexa de proveito: temos moito que aprender dil.

Xosé Manuel Beiras

Breve introito biográfico

Con toda a calor que podía facilitar unha familia de cam-pesiños, letrados na arte de britar a terra pero profanos na cultura dos libros e sen moitos haberes, puido nacer Xosé Lois García –se os astros estivesen ben aliñados– na freguesía chantadesa de San Tomé de Merlán, na bisbarra da Ribeira Sacra luguesa. Mais non foi así. Un parto difícil estaba a ter Manuela de Podente, mulleriña escravizada co traballo no mundo rural. Con urxencia trasládana ao Hospital da Beneficencia de San Xosé, na cidade das murallas, e o 22 de abril de 1945 o mundo coñece unha nova crianza. «Un domingo vintedous de abril / eu nacía destinado á pobreza»¹, que diría o propio Xosé Lois.

Neses tempos de borralla e lixo as emisoras de radio fan eco, decote, da agonía da II Guerra Mundial, mentres enaltecen unha idea bárbara que engarza con forza e sangue no estado español. O franquismo estende o medo polas cunetas e as fragas, fura coma a couza na cerna social e nos fogares humildes, daqueles que fundan nacións con idiomas propios e erguen países alleos ao seren colonizados e oprimidos... Mentres o meniño berra polo día, os canteiros cicelan con suor e forza a materia que xace pousada na rúa, andan no arranxo dese centro de saúde. E dende a habitación do hospital, quizais, Xosé Lois escoita as primeiras cancións galegas na voz dos pedreiros, acompañadas polo troupelear das macetas e ciceis que enchen, cunha sonoridade metálica e proletaria, o que moito non se podía dicir coa palabra. Contaba Manuela que eran satíricas aquelas cantigas, contrarias ao réxime, mais en certo xeito, como toda voz gremial, camuflada, encriptada e adobiada de segundas lecturas para non seren recoñecidas polos que ficaban no despacho ou no cuartel.

1 X. L. GARCÍA (2007a): p. 78.

Acomodado no mellor dos escondedoiros, Xosé Lois García Fernández entra en Merlán, no colo da súa nai, un 6 de maio: «Miña casaña tan gris e tan escura / con dúas fiestras de perspectiva / que exaltan esa ruda arquitectura»². Dende ese mesmo instante faise cativo no paraíso que crea aínda hoxe o lonxevo castiñeiro de Podente, o mesmo que laureou Eugénio de Andrade.

Eu já ouvira o apelo do tordo	esse morria nas chamas
junto às águas velhas	
do rio, ou na luz vidrada	altas do castanheiro de Podente.
	na sonâmbula ondulação
das lentas oliveiras do sul.	dos rebanhos, nos olhos das mulheres
Pensava então que tanto amou	
	de coração fatigado,
o claro timbre das vogais	semelhantes a ramos partidos
trazidas pelo mar –o outono,	-elas, que foram irmãs do orvalho.

(Eugénio de Andrade)³

Desta xeografía, que o ha invadir durante toda a súa vida de emoción e inspiración poética, partirá na procura dun destino mellor: na casa vivíase en precario. Nin tan sequera os seus pais eran donos das xugadas de vacas coas que araban as leiras e el pouco podía aforrar como axudante de xastre. As máis das veces os pais dependían do modesto salario do mozo. Ben definiu esa etapa Sirlei da Silva Fontoura valéndose do estudo de Camilo Gómez Torres⁴: «Viveu a brutalidade de uma infância marcada pela miséria, pela violência contra a súa familia. As dificultades enfrentadas o fizeram aproximar-se aos da sua classe, àqueles que assim como el viviam no “rural galego [que] seguía asolagado nas tebras da ignorancia, imobilizado polas cadeas da represión franquista (...)»⁵.

2 Ibid., p. 63.

3 E. de ANDRADE, ‘Despedida do Outono’, en VV.AA. (1999h): p. 8.

4 C. GÓMEZ TORRES (2015): p. 20.

5 S. da SILVA FONTOURA (2017): p. 164.

A súa infancia recórdanos, en varios momentos, a non poucas personaxes inventadas pola pluma de Neira Vilas (que tan ben describe a vida no campo) e así, de non se chamar Xosé Lois puidera ser Ramón, o mesmo daquel relato imaxinado polo escritor de Gres titulado ‘A Serra’: «Ramón sentíase vivir. Era forte, ledó. Gozaba coa natureza. Quería o seu país, anque o rodeaba a pouquedade. Tíñanlle falado de emigrar, de irse a outras terras (...)»⁶. Así é que con 20 anos, 700 pesetas e unha maleta de cartón replanta a súa vida o 1 de abril de 1966 nos Países Cataláns, concretamente a Barcelona. E antes de probar fortuna no sector metalúrxico, na SEAT, onde realiza un importante labor sindical, dedícase a estender a palabra de Deus e recomendar a lectura da biblia. Camilo Gómez Torres indica que todo debeu comezar pouco despois de chegar á cidade condal, «nunha primaveral e luminosa tarde de domingo daquel auroral 1966». De paseo pola Praza de España aproximóuselle unha parella con información sobre a igrexa evanxélica. E aí comeza a súa fugaz historia como “predicador protestante”, de liña calvinista; etapa esta moi positiva para el no que atangue ao autocoidado e á sensibilización nos valores humanos e sociais⁷. Velaí que veña ao noso maxín unha imaxe moi particular do Xosé Lois, como se fose un George Borrow á galega (ou á catalá), filósofo inglés que, no exercicio da “colportaxe”, estende a súa doutrina polo noso país; ou un Curros Enríquez que nos anos setenta do século XIX parece ser que tamén lle

6 Vid. X. NEIRA VILAS (1984): p. 35. Id. (2010): p. 33: «Eu son Balbino. Un rapaz de aldea. Coma quen di, un ninguén. E ademais, pobre». Nunha ocasión Xosé Lois García escribe: «Todos estamos aí; todos somos o Balbino, en moitos deses lances narrativos que nos teñen acontecido de diferente maneira». Cf. X. L. GARCÍA, ‘EdB. Memorias dun neno labrego’, *GH* (27.06.2006). Véxase tamén: X. L. MÉNDEZ FERRÍN, ‘No fondo dos espellos. Balbinos e balbinos’, *El Sábado*, suplemento do *FV* (10.10.2009), p. 4.

7 C. GÓMEZ TORRES (2015): pp. 31-35.

facía chiscadelas a esa doutrina⁸. O de Chantada, alén de se inspirar naquel intelectual británico para escribir a obra *A Proclama*, recordaría tamén nun artigo para *El Progreso de Lugo*: «A época da Galiza sordo-muda de 1837, ano en que Borrow coñeceu como bo cabaleiro a nosa xeografía, vendendo a Biblia. Seu temperamento acomodouse moi axiña aos humildes»⁹.

Un ano máis tarde, polo mes de xuño, en base á «Ley de Reclutamiento y Reemplazo del Ejército» convócano a facer o servizo militar. Realizado o período de instrución e destinado ao “III Tabor de Tiradores de Ifni” (Marrocos), por outubro de 1968 xa cumprira coa actividade militar¹⁰ e o 26 de xaneiro de 1970 incorpórase na factoría SEAT. Ao mesmo tempo comeza os seus estudos en Ciencias Sociais e Políticas na Universidade de Barcelona, porén hase licenciar en Xeografía e Historia e pasa ser membro do Departamento de Arte Románica do *Institut d’Estudis Catalans*.

No ano 1972 crea IDGA: *Irmandade Democrática Galega*, que está constituída por un grupo de persoas do eido da cultura residentes na capital catalá e dende a cal realizan diversas actividades reivindicativas e de compromiso con Galiza e Catalunya. O seu voceiro foi a revista clandestina *O Mallo*. En 1974 é vicepresidente da *Asociación Amigos da ONU*, polo que se ha entrevistar con diversas persoas desa institución internacional co obxecto de sensibilizar os seus responsábeis da situación das nacións sen estado dentro do territorio español. Unha delas foi o austríaco Kurt Waldheim, Secretario Xeral da ONU (1972-1981), cuxa

8 P. RÍOS SÁNCHEZ (1991): *Lutero y los protestantes en la literatura española desde 1868*, tese de doutoramento. Departamento de Filología Románica, Facultad de Filología de la UCM, pp. 390-405.

9 X. L. GARCÍA, ‘George Borrow e Galiza’, *EP* (04.11.1973), pp. 11-12.

10 C. GÓMEZ TORRES (2015): pp. 36-38.

entrevista acontece en Madrid en xuño de 1975, no Hotel Ritz. A segunda conversa será con Sean MacBride, Secretario Xeral Adxunto da ONU, premio Nobel da Paz (1974)¹¹, presidente de Amnistía Internacional (1961-1974) e militante pola independencia de Irlanda.

Xosé Lois García, dende a política, sempre se move polas vías do nacionalismo, o socialismo e o internacionalismo, cunha perspectiva global anticolonialista e, outrosí, contraria á globalización. Sempre a favor do dereito de autodeterminación dos pobos, afonda na historia de moitos países africanos, antigas colonias portuguesas, que conseguen a súa emancipación a partir de 1975. Historiador rigoroso e prolífico poeta, ten no seu haber unha multitude de títulos literarios. Aborda todos os xéneros literarios (poesía, teatro, ensaio, narrativa) ao igual que se anima con traducións, antoloxías e entrevistas a distintos persoeiros africanos, galegos e cataláns. Participa en numerosos congresos internacionais sobre lingua portuguesa (Brasil, Angola, Mozambique, Portugal), polo que o seu universo literario se move polos eidos da lusofonía, facendo gala dun amplo coñecemento das culturas dos PALOP e, en particular, da lingua portuguesa neses territorios. Escritor cuadrilingüe, ten publicado libros tanto en catalán, como en galego, portugués e castelán, no entanto a súa produción xorde sempre dun punto de partida, Galiza, e unha zona de destino, o mundo. Como breve comentario cómpre indicar que no solpor da ditadura o xornal *El Progreso* de Lugo defíneo do seguinte xeito:

(...) lo encontramos ya hecho un joven jovial, sonriente, optimista, poeta y escritor. Su lengua es siempre el gallego que habla con fluidez y acierto. Su charla es siempre interesante, porque aborda multitud de temas candentes y de actualidad, aparte de

11 Sean MacBride recibe en 1974 o Premio Nobel da Paz xunto co político xaponés Sato Eisaku.

su entusiasmo, como todo poeta, por los valores humanos y la marcha de la vida¹².

Logo dunha intensa e case inabarcábel produción cultural, na actualidade está xubilado, deixou a dirección do *Arxiu Históric Municipal de Sant Andreu de la Barca* (Barcelona) e continúa coa creación intelectual. No que afecta a esta actividade recomendamos que se consulte a bibliografía que figura nas páxinas finais e que pode servir de axuda ao público lector.

12 *EP* (31.08.1972), p. 8.